



O XORNALIÑO




COIDAMOS O PLANETA:
REDUCCIÓN DE RESIDUOS

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ




XOANIÑA

BOLETÍN LIBRINCIOS. B.E.



SECCIÓN BILINGÜE: SOCIAL AND
CIVIC VALUES



CEIP SERRA- VINCIOS

E. INFANTIL- E. PRIMARIA

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipserravincios>

EDITORIAL

Novamente toca chegar ao final deste curso no que puxemos todo o noso esforzo en construír un mundo mellor, esta vez aprendendo a importancia de coidar o noso planeta mediante a reciclaxe, a reutilización de materiais e obxectos e, especialmente a redución de residuos. Así que puxemos o noso pequeniño gran de area facendo moitas actividades interesantes e colaborando entre todos e todas para facelo de maneira efectiva.

- Iniciamos o noso proxecto dende o motor do cole...Librincios, quen nos propuxo como reto facer xogos con material de refugallo.
- As nosas tarxetas de Nadal tamén tiveron esencia de reciclaxe quedando unhas mostras ben creativas
- O día da Paz aproveitamos os xogos realizados polas aulas para poder facer unha xincana de xogos populares para recadar alimentos para o Banco de alimentos de Gondomar.
- No Entroido apareceron superheroes, animais da fauna mariña que corren diariamente os perigos da contaminación e incluso simpáticas versións de contedores de reciclaxe.
- E, como xa é costume, nas nosas exposicións da biblioteca puxemos o broche final para explicar a todos os compis que aprendemos sobre o coidado do planeta, elaborando diversos formatos para compartir as nosas aprendizaxes dun xeito lúdico e divertido (códigos qr, visitas pola contorna, exposición de inventos e **materiais 100%reciclados...**).

Coma sempre, neste Xornaliño así como na nosa web e blogues do cole poderedes ver toda a información..

Felices vacacións e bo verán!

Visita a nosa web e os nosos blogues

 <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipserravincios>



ceip.serra.vincios@edu.xunta.es



SUMARIO

MARÍA LUÍSA VILLALTA	3
3 anos: Patrulla Planeta	4
4 anos: Coidando o Planeta	6
5 anos: Patrulla Galáctica	8
Educación Infantil: Obradoiros	10
1º EP: Reciclaxe, Medio Ambiente e	12
2º EP: Troula variada	14
1º CICLO: Xuntos e revoltos	16
3º EP: A vida en 3º: animais	18
Os nosos partidos políticos.....	19
4º EP: investigación e creación	20
2º CICLO: Os nosos proxectos	22
5º: Festexamos e talleres	24
6º: Sabías que...reciclando	26
Pasatempos	27
3º CICLO:Exporec	28
Visita cultural	29
Educación Física no CUVI	30
Inglés: English	31
O Polo Creativo no Serra.....	32
Certame Literario "A Xoaniña"	33
Certame Literario "A Xoaniña"	33
Conto de E.I.: Ecobechos e poemas	33
Contos e poesías de primaria	34
Aula dos Soños	37
A nosa biblioteca	38
Recomendacións para o verán	40



886 12 00 42



LUISA VILLALTA



L Luisa naceu en A Coruña o 15 de xullo de 1957.

L Realizou os estudos primarios no colexio relixioso das Josefinas e o bacharelato no instituto Eusebio da Guarda.

Nesta casa viviu e soñou a poeta
Luísa Villalta
 aquí as súas mans modelaron
 a lingua, os sons, o que habita
 no outro lado da música, na poesía.
 A Coruña, 28 de setembro de 2014
 Asociación de Escritoras en Lingua Galega

U Estudou Filoloxía Hispánica na Universidade de Santiago de Compostela.



I Formou o grupo de música folk instrumental, Escaino.

I Foi titulada Superior en Violín. Formou parte da Orquestra de Santiago de Compostela e da Xove Orquestra de Galicia.





S Exerceu como docente de secundaria na especialidade de lingua e literatura galega, en tres centros da provincia de A Coruña.

A O seu primeiro libro foi unha obra de teatro, "Concerto para un home só" ao que seguiron unha chea máis de libros de poesía, narrativa, teatro, ensaio,...



V A poesía foi o xénero no que máis traballou, o de maior número de publicacións e polo que é máis coñecida. A súa primeira obra deste xénero foi "Música reservada".

I Foi colaboradora en moitas publicacións e xornais galegos. O "Libro das colunas" recolle os seus artigos publicados no xornal A Nosa Terra.



I Acadou, no 2003, o "XII Premio de Poesía Espiral Maior" e no 2005 o da "Crítica de Galicia".

LL No ano 2017, co obxectivo de contribuir a divulgar a obra e a figura de Luisa, a Deputación Provincial de A Coruña estableceu o "Premio Luisa Villalta" para proxectos pola igualdade.



A Faleceu o 6 de marzo de 2004, aos 46 anos, a causa dunha meninxite.





AULA DE 3 ANOS: PATRULLA PLANETA

Este curso tivemos como misión coidar o noso planeta e grazas ás nosas ganas de aprender convertémonos en verdadeiros superheroes e superheroínas que poñemos toda a nosa ilusión e enerxía en conseguir un mundo mellor no que disfrutar de experiencias e xogos coas nosas familias, mestres e compañeir@s.



Os contos foron os nosos aliados e a investigación a través da manipulación, a exploración e o xogo, os mecanismos para chegar a alcanzar as nosas aprendizaxes.



PROXECTO DE INVESTIGACIÓN DE AULA



CONTOS QUE MOTIVAN AS NOSAS APRENDIZAXES



APORTACIÓN DAS FAMILIAS



COIDADO DA CONTORNA



Neste curso non só aprendemos a coidar o noso planeta senón que tamén aprendemos a importancia de coidar e respectar ás persoas que nos rodean...axuda, equipo, cooperación, inclusión, experimentación, asombro, curiosidade, amizade, agarimo, tolerancia, paciencia ou compañerismo, son as palabras que mellor definirían este curso cheo de momentos emocionantes e máxicos.

DINÁMICAS DE COHESIÓN GRUPAL



EXPERIMENTACIÓN



AXUDA ENTRE IGUAIS



TRABALLO EN EQUIPOS COOPERATIVOS



Foi un curso moi intenso no que nos divertimos e aprendemos un montón de cousas.
Feliz verán!

COIDANDO O PLANETA EN 4 ANOS

Os nenos e nenas da aula de 4 anos aprendemos moito este curso sobre a **reciclaxe** e sobre como coidar o noso planeta, para que dure... moitos anos máis!



Primeiro coñecemos a importancia de mimar a Terra, o único fogar do que dispoñemos. Ademais, aprendemos as terribles consecuencias para ela dos actos dos seres humanos.



¿Como podemos axudar a evitar todos estes danos?
¡Reciclar é unha das maneiras!

E xuntos fomos construíndo o noso pequeno recanto para coidar do planeta.



Aprendemos tamén todas estas cousas...



A importancia das árbores.



A limpar os espazos naturais.




Os beneficios da reciclaxe.

E coa axuda das **familias** fixemos unha chea de obxectos reciclados.



PATRULLA GALÁCTICA

Este ano os nenos de 5 anos estiveron investigando sobre o noso planeta, e centrámonos no espazo. Os planetas, as estrelas, os astronautas ... son temas polos que os peques se senten moi interesados, e é esa a razón pola que dentro da nosa aula creamos un gran espazo de aprendizaxe. Para iso tivemos que converternos en verdadeiros astronautas.





Os nosos días foron transcorrendo entre obradoiros de cociña e arte, moita creatividade e traballos en equipos, porque esta misión non a poderemos lograr se non o facemos xuntos, axudándonos e compartindo o traballo.



Ao longo de todo este tempo descubrimos grandes cousas e unha que nos deixou impactados foi que o espazo tamén está cheo de lixo que os humanos deixamos durante as diferentes misión espaciais. Polo que...

TODOS TEMOS UNHA GRAN MISIÓN:
COIDAR O PLANETA TERRA!




OBRADOIROS EN EDUCACIÓN INFANTIL

Os obradoiros internivel son un momento maravilloso no que nos xuntamos para compartir espazos, experiencias e aprendizaxes.

Os contos foron un punto de partida ideal para comezar a nosa andaina neste curso.....

SAMAÍN:

"Mis amigos monstruos"



DÍA DA INFANCIA:

"¡Vivan las uñas de colores!"





NADAL:
"Arce, Sauce y el árbol de Navidad"



ENTROIDO:

**Empregamos material de refugallo
 seguindo o proxecto anual de centro
 "Coidamos o Planeta"**



DÍA DA TERRA:
"Siembra un beso"



RECICLAXE, MEDIO AMBIENTE E MOITO MÁIS

Este curso, o proxecto unificador do centro foi a RECICLAXE E O COIDADADO DO PLANETA. e niso nos centramos.

Con materiais de refugallo, fixemos un monstro no Samain.

REUTILIZAR



Para o Entroido fixemos unhas medusas chulísimas de custe cero, e xunto cos polbos e peixes de 2º, fixemos unha manifestación co lema:

"Queremos un mar, sen lixo que nos poida matar".




Con bricks fixemos macetas para os tulipáns.



No día da muller, estudamos a Wangari Maathai, política e ecoloxista keniana, Premio Nobel da Paz. Fundou o Movemento Cinturón Verde para reforestar África.

REFORESTAR



O noso proxecto de aula foi:

SOS: AQUÍ A TERRA.

Os nosos reporteiros investigaron nas súas casas e coas informacións recollidas fixemos un programa de televisión tocando os 5 principais puntos da nosa investigación:

1. Analizamos os problemas que está tendo o noso problema.
2. Consecuencias destes problemas nos animais.
3. Canto dura o lixo que tiramos?
4. Como podemos axudar ao noso planeta?
5. Os R da reciclaxe
6. Os contedores.

Podedes velo no noso blogue.

Aprendendo a separar

Xogo de reciclaxe e contedores da aula.

RECICLAR



Actividades cos nos@s padriñ@s:



Carta de desexos en Nadal



Almorzos saudables



Concerto de Ukelele



Puidemos comprobar in situ que lambonas son as eirugas, comeron moitiiiiiiísima moreira. Non dabamos abasto!

OBSERVAMOS A NATUREZA



Taller de apicultura con Bruno e Diana, os pais de Anxo e Diego. Encantounos! moitas grazas!



Plantamos sementes de amorodos, pero non naceron, así que logo sementamos tomates. E aquí están as plantiñas.

LIMPAMOS A CONTORNA



Paseo pola contorna do colexio e paseo polo río Zamáns, recollida de lixo no río, rúa e colexio: 7 kilos!!




Concerto de Golfiños, coa nosa querida Elena.



E... Cómic de terror, biografía de Wangari Maathai, Contos da Xoaniña, lapbooks de medusas e plantas, libro de reciclaxe coas nosas manualidades, dos nomes, Somos diferentes... e moitas cousas máis que podedes ver no blogue da aula, no de ciclo, e na páxina web do centro.
Bo verán a todos e todas!





Alá por setembro do 2023 comezamos 2º algo inquedos e inquedas, pois a nosa gran aula de 1º desdoubrouse en dúas aulas de 2º!

Con que compis nos tocará? 🤖 - preguntábanse algúns e algunhas.

Que profes teremos? 😨 - querían saber a maioría.

E poderemos xogar ao fútbol? 😊 - repetían os máis preocupados.

Pero... sabedes que? Que o curso foi avanzando e case que estivemos máis tempo xuntos e xuntas que separad@s. E se non nos credes, mirade:



TROULA VARIADA

PATIOS MOVIDOS



LECTURA AO GUSTO



DEPORTE




1º CICLO: XUNTOS E REVOLTOS

Porque festeiros e festeiras somos dabondo, este ano tampouco faltaron motivos para xuntarnos e pasalo ben en boa compañía.



Vendimamos na compañía dos nosos padriños e madriñas

Obradoiros de Nadal: Fotografía, cociña, horta e taller de manualidades



Saída de Nadal a Gondomar: visita turística guiada, envío de postais de Nadal e merendola de chocolate con churros

Visita ao
parque de
Bombeiros
de Vigo



Saída a Naturnova e
a Illa de Toralla



Talleres de persoas expertas: uso e
manexo do composteiro e prevención
do desbordamentos dos ríos

Obradoiros de
Primavera

A vida en 3ºEP

OS ANIMAIS E O SEU HÁBITAT

Cada equipo investigou sobre un hábitat diferente: o polo, bosque, sabana africana, mares e selva.


Creamos cromos coa información máis importante de cada animal e unhas estupendas presentacións na clase.



Dylan, Elías, Eva e Nuno



Anxo, Azahara e Lía



Iria, Sara e Xabi



Aitana, Asier, Carlota e Miguel



Ainhoa, Lucía, Salma e Thiago



Videos presentacións

OBRADOIRO BECHOS

Realizamos un obradoiro onde puidemos observar os diferentes bechos que encontramos no composteiro do cole.

Foi moi interesante velos co microscopio.



Obradoiro sobre os microplásticos 4º Primaria

Realizamos obradoiros para analizar e concienciarnos sobre os perigos que presentan os microplásticos nas nosas vidas, xa que os podemos atopar nas augas dos ríos, nas augas do mar, na terra, no areeiro ...

Dende a Deputación de Pontevedra estanse a executar programas en colaboración co Centro de Referencia para a Educación Ambiental de Galicia e ofrecen obradoiros e charlas orientadas á reciclaxe, compostaxe, redución no consumo e reutilización de materiais.

Na actividade contamos cos monitores do Programa Revitaliza e coa visita do Presidente da Deputación de Pontevedra, Luis López, que aproveitou a actividade para presentarnos o programa "Ponte a Zero" que ten como obxectivo fomentar a reciclaxe e a separación de residuos.



Observamos, con lupas e microscopios, os microplásticos que se atopaban na area das mostras. Había moitos e comprometémonos a ser responsables e tratar de reducilos.



Caldo de gloria de Rosalía de Castro ... en colaboración cos afillad@s

Traballamos o poema "*Miña casaña, meu lar*" da nosa prezada **Rosalía de Castro** e complementamos a actividade cociñando un rico caldo con unto, grelos, nabos, porros, patacas e feixóns. Lembramos o momento cando unha muller moi pobre chegou á súa casaña e non tiña moito para comer, entón buscou na artesa e atopou algo de fariña, foi á horta e colleu verzas e aos poucos foi quen de facer un caldo de gloria.



A actividade foi moi interesante xa que os nos@s afillados e afilladas colaboraron en todas as tarefas.



Teatro para tod@s "A familia Villalta Gómez" 4º Primaria



Luísa naceu na Coruña, no barrio da Falperra, o 15 de xullo de 1957.

No seu fogar, na rúa Vila de Laxe, pasou unha feliz infancia e madurez. Alí vivía coa súa nai M^a del Carmen, o seu pai Rafael e a súa irmá Susana.

Nai: Hai que feliz son! Temos unhas nenas moi listas e fermosas. Que contenta estou!

Pai: Espero que sexan boas persoas o día de mañá. E tamén que sexan felices!

Nai: Luísa díxome que quere pintar. Vou organizar as miñas creacións.

Pai: Pois eu vou ordenar algunhas fotografías. Cando cheguen as nenas espero que Susana me axude.



Nai: Rafael, Luísa quere aprender a tocar. Gústalle moito o violín.

Pai: Pois que vaia ao conservatorio, é moi traballadora e pode ir ás clases ao instituto e tamén ao conservatorio.

Nai: A verdade é que ten unha memoria prodixiosa e os ollos e as orellas ben abertos.



E agora queren que aprenda a tocar! A tocar o violín!

As nenas deben aprender a coser, a bordar, as cousas da casa e saír a pasear!

Pintura! Fotografía! Música!

"Que non faga o parvo. E total para que quere o teu fillo o gallego? Co gallego non pasa de Astorga! Como se o rapaz tivese xa feita a maleta.

A lingua é a primeira estrada a coller se as cousas se poñen mal ...



Visitade o blogue do segundo ciclo para gozar desta fermosa interpretación!



CE.I.P. VINCOS

OS NOSOS PROXECTOS 2º CICLO

"De onde vén a auga?"

Empezamos buscando información sobre a procedencia da auga, o ciclo de formación, as canalizacións que fai o ser humano, as vantaxes de ter auga nas vivendas, os inconvenientes de malgastala ...

Neste proxecto contamos coa colaboración de Jose e Basilio da Comunidade de Montes de Vincios e coas achegas de Orencio e Rodrigo que viñeron ao cole a explicarnos a orixe da traída de Augas do Galiñeiro. Recibimos a información de fonte directa xa que eles foron os pioneiros desta obra tan beneficiosa para a comunidade.



"CON AUGA NA MOCHILA!"



Realizamos unha viaxe polo tempo analizando a importancia da auga en cada unha das etapas da Historia.

Escenificamos momentos cotiáns sobre os usos da auga na Prehistoria, na Idade Antiga, na Idade Media, na Idade Moderna e na Idade Contemporánea

Que risa, pasámolo moi ben!



OBRADOIROS MOI INTERESANTES 2º CICLO

Entrevistas que espertan interese!



Recibimos a visita de María Monsonís e Teo Cardalda, compoñentes do Dúo Cómplices, grazas a invitación de Yago. Foi unha honra telos no cole. Amosámoslles as aulas, fixémoslles unha pequena entrevista e gozamos das súas voces nunha audición no Salón de Actos. Ao final conseguimos uns autógrafos nas axendas e desexámoslles moita sorte na súa próxima xira.



Rodrigo e Orencio compartiron con nós experiencias e coñecementos sobre a auga, os mananciais e o proxecto que levaron a cabo hai moitos anos de ir buscar auga ao Galiñeiro e levala ás vivendas dos veciños de Vincios.

Con poucos cartos e moito esforzo foron quen de levar adiante a súa idea e mellorar a vida de moitos vecinos e veciñas de Vincios. Moitas grazas por todo!

Montando un composteiro!



Montamos un composteiro no patio de Infantil. Tivemos que colocar todas as pezas no chan, separar a tapadeira, agrupar as partes semellantes e tratar de que cadrasen.

Pois ben, fomos quen de compoñer o aparello e xa está en funcionamento. Invitamos a tod@s a deixar a pel da froita, cascas e restos vexetais nos caldeiros da entrada e do patio cuberto e ao rematar o recreo, por quendas, imos levar os restos ao composteiro.



Plan prevención inundacións!



Obradoiro sobre a prevención de inundacións. Iria falounos da necesidade de ter limpas as ribeiras dos ríos e evitar as construcións nas súas marxes. Tamén realizamos un experimento para observar a velocidade da auga nun lugar sen vexetación e noutro con plantas e raíces. A información resultou moi interesante.



FESTEXAMOS

O MAGOSTO

Desenvolvimos a nosa creatividade construíndo unhas espectaculares cabanas.



SAMAÍN

Que medo daban estes disfraces tan logrados!!



NADAL

Marabillosa interpretación da panxoliña: **"Vivamos xuntos o Nadal"**



DÍA DE ROSALÍA COS NOSOS AFILLADOS



Escribimos os ingredientes do **"Caldo de Gloria"**, elaborámolo e finalmente o saboreamos. **DELICIOSO!!!**

TRABALLAMOS NOS TALLERES

ELABORACIÓN DE XABÓNS ARTESANAIS

Neste taller, aprendemos a facer xabóns artesanais, ensinounos a nai de Guido. Grazas Vanessa



RECICLANDO TEAS

Reciclamos teas para "customizar" camisetas e facer chaveiros. Foi a nai de Isaac a que veu ó cole para levar a cabo este taller. Grazas Alicia.



FIXEMOS XOGUETES SONOROS

Que ben soaban!!!



CHARLA SOBRE APARELLOS DE LABRANZA ANTIGOS

Ademais dos talleres impartidos polas nais, tamén veu ó cole o avó de Alex para explicarnos como eran os aparellos de labranza cando el era neno e mozo. Foi unha charla moi interesante!!! Grazas José.



CEIP
VINCOS

RECICLANDO

6º E.P.

SABÍAS QUE...



XONXA

Cando utilizamos produtos reciclados reducimos os gastos de enerxía, materiais e contaminamos menos. O lixo que non se recicla acaba nos vertedoiros e quédase alí un tempo, producindo substancias tóxicas e contaminando o aire e a auga que bebemos.


RECICLA e evita a contaminación, para lograr un futuro mellor!

IZAN



Se ó planeta queres axudar, as 3R terás que empregar.

UNAI




Se reciclamos, do rinoceronte ó rato pasamos.

LAURA




Se queres reciclar, unha segunda vida as túas cousas lle terás que dar.

IKER



Cantos máis países reciclamos, un bo planeta teremos.

THIAGO




Se o papel queres reciclar, ó contedor azul teralo que levar.

XOÁN R.



Utilizando papel reciclado, das árbores evitamos o talado.

NAYA



Se papel reciclado queres elaborar, o papel utilizado terás que seleccionar.

YERAY




Se as bolsas plásticas reciclamos, ós mares menos contaminamos.

BRAIS



Se o petróleo non queres malgastar, plástico non debes empregar.

CLAUDIA



Se ó planeta queres axudar, plástico biodegradable terás que empregar.

LUCÍA V.




Se ó planeta queres axudar polo vidro debes comezar

IAGO S.



Se o caucho reciclamos, a contaminación acústica evitamos.

RAÚL




O caucho reciclado para moitas cousas pódese empregar, e así ó planeta podes axudar.

SARA




Se ó planeta queres salvar, formigón ecolóxico terás que fabricar.

IAGO P.



Se ó planeta queres salvar, pilas terás que reciclar.

TEO




Se menos enerxía queres gastar, o aluminio has de reciclar.

MARTA



Se produtos de calidade queres mercar, polos reciclados debes optar.

XOÁN L.



Se ó planeta queres salvar, facendo compost poderémolo axudar

LUCÍA O.



Se compostamos, o medio ambiente melloramos.

MARA



Se o quecemento global queres evitar, terás que reciclar.

LEO



Se ós osos polares queres salvar, o desexo terás que evitar.



PASATEMPOS SOBRE A RECICLAXE

6º EP

Serás quen de realizar estes pasatempos sobre a reciclaxe?
Se consultas a páxina anterior, atoparás as respostas.

O ROSCO DA RECICLAXE



- A:** Cor do contedor ao que vai o papel e o cartón.
- B:** Tipo de plástico que está feito dun material orgánico que os microorganismos son capaces de descompoñer.
- C:** Estado no que deben estar os alimentos para facer compost.
- D:** Que se está a producir nos casquetes polares a causa da subida das temperaturas?
- E:** O po do caucho, mesturado con outras substancias, pódese utilizar para facer...
- F:** Que produto podemos fabricar utilizando casca de arroz, cinzas, fibras de latas de aluminio,...?
- G:** Que se orixinan cando se queima o lixo?
- H:** Un dos tipos de papel que se pode facer co que se recicla.
- I:** Xunto con EEUU e China, é un dos países que máis contamina.
- L:** Produce gases invernadoiro ao queimarse.

- M:** Lugar onde acaban o 90% das bolsas plásticas.
- N:** Co caucho reciclado pódense elaborar moitos produtos, pero cal é o que non se pode facer.
- O:** Clase de residuos que se teñen que botar no contedor marrón.
- P:** Recurso natural do que deriva o plástico.
- Q:** Cantidad de KWH necesarios para extraer un kilo de aluminio.
- R:** Darlle outro uso a algo que xa utilizaches.
- S:** Un dos países europeos que máis recicla.
- T:** Tipo de substancias que produce o lixo que non se recicla.
- V:** O material máis fácil de reciclar.
- X:** Produto que podemos realizar reutilizando aceite usado.

Localiza na SOPA DE LETRAS as respostas ás seguintes definicións



1. Material que tarda máis tempo en degradarse.
2. Cor do contedor onde debemos botar o papel de cociña usado.
3. País que xunto con EEUU e India é o que máis contamina do mundo.
4. Cor do contedor onde se bota o plástico.
5. Anos que tardan en desfacerse as pilas.
6. Animal que pesa as mesmas toneladas que o lixo que xera unha familia ao ano.
7. Cor do contedor onde debemos botar o vidro.
8. Fórmase cando os restos orgánicos podrecen, naturalmente, por descomposición.
9. Unha das accións que evitamos ao utilizar produtos reciclados.
10. Tanto por cento da produción mundial de petróleo que se necesita para fabricar as bolsas de plástico.
11. Lugar onde acaba o lixo que non se recicla.



3º CICLO

EXPOREC

A GRAN EXPOSICIÓN DA RECICLAXE

No 3º ciclo, este curso, levamos a cabo un proxecto sobre a **"RECICLAXE"**. Nestes vídeos poderás ver todos os obxectos expostos, os materiais que reciclamos para a súa elaboración e o resultado final do noso traballo.




17 de Mayo
Día Internacional del
Reciclaje



Esanea o código QR

Esanea o código QR



Fotos realizadas polo alumnado de 5º e 6º EP.

Montaxe e edición do vídeo: alumnos e alumnas de 6º EP.

SORTE NA NOVA ETAPA



Parabéns polos vosos logros, por dar o mellor de vós mesmos, pero sobre todo polo esforzo realizado para alcanzar o obxectivo.

"A ÚNICA VERDADEIRA VIAXE DE DESCUBRIMENTO CONSISTE NON EN BUSCAR NOVAS PAISAXES, SENÓN EN MIRAR CON NOVOS OLLOS"

Ata sempre!

SAÍDA DO 3º CICLO A SALINAE E Ó XACEMENTO DO CASTRO

Este curso, o alumnado de 6º EP, na área curricular **"Proxecto Competencial"**, participamos no **"Programa Segura-Mente"**, que é un proxecto educativo que se desenvolve a nivel nacional, no que se leva a cabo un xogo online que simula unha aventura por toda España, recorrendo todas as Comunidades Autónomas para aprender sobre educación financeira, xeografía, historia, arte,... resolvendo retos, superando imprevistos, tomando decisións,...

Fomos os gañadores do reto de outubro e cos cartos conseguidos con este premio, decidimos facer unha saída a Vigo, cos nosos compañeiros de 5º EP, para visitar o **xacemento do Castro e Salinae**.



TONIFICACIÓN E HABILIDADES ACUÁTICAS NO XIMNASIO DO CUVI



O mes de abril sempre é divertido para **6º de primaria** xa que acudimos ás instalacións deportivas do CUVI nas clases de educación física para realizar moito exercicio e así coñecer como funciona un ximnasio con piscina.

Agradecemento á CCMM de Vincios e á ANPA que sempre nos axudan con esta actividade. Visita o blogue da área para ver os vídeos de todas as actividades que realizamos: <http://educacionfisicavincios.blogspot.com/>



ENGLISH

SCAVENGER HUNT


In the English lessons we took the class outside to learn about adjectives and find lots of different things. In our big playground there are many things that are colourful, small, big, tiny, huge, light, heavy... You just need to look carefully and you will find them!



colourful



big



huge



pointy



soft



hollow

Scavenger Hunt
Tick the things that you find.

<input type="checkbox"/> butterfly 	<input type="checkbox"/> ladybird 
<input type="checkbox"/> frog 	<input type="checkbox"/> feather 
<input type="checkbox"/> ant 	<input type="checkbox"/> squirrel 
<input type="checkbox"/> worm 	<input type="checkbox"/> nest 
<input type="checkbox"/> snail 	<input type="checkbox"/> bee 
<input type="checkbox"/> beetle 	<input type="checkbox"/> spider 
<input type="checkbox"/> caterpillar 	<input type="checkbox"/> dragonfly 

How many things did you find? Write the number in the box.

SECCIÓN BILINGÜE

This school year we also introduced a bilingual subject! In year 6 we reinforced our values in English. We debated, investigated and learned about things that really matter in our society.

Este curso tamén introducimos unha Sección Bilingüe! En 6º reforzamos os nosos valores en inglés. Debatenos, investigamos e aprendemos sobre cousas que verdadeiramente importan na nosa sociedade.



Scan the QR code to go on a scavenger hunt this summer!
Can you find all the items on the list?



O POLO CREATIVO DO SERRA

Ao longo do ano fixéronse moitos obradoiros internivel en torno ao Polo Creativo. Tódolos alumnos do centro gozaron deste espazo tan especial. Mediante momentos vivenciais nos obradoiros de luz negra, obradoiros de electrónica e estampado, iniciación á radio escolar, obradoiros de investigación da contorna e moitas actividades na que os nenos foron os verdadeiros protagonistas.



Se queredes descubrir algunha cousiña máis podedes visitar a páxina do cole no apartado "Polo Creativo".



XXVIII CERTAME LITERARIO E DE ILUSTRACIÓN "A XOANIÑA" 2024

Este curso para celebrar o concurso literario "A Xoaniña", Infantil participou coa creación dun poemario elaborado por eles e en homenaxe á poetisa a quen se lle dedicou este ano as Letras Galegas Luísa Villalta.



CE.L.P.

Un ano máis celebramos o concurso literario " A Xoaniña", onde Infantil participa coa creación dun poemario ilustrado e Primaria cunha narración ou poesía froito da súa colleita.

A seguir poderemos desfrutar cos traballos seleccionados neste certame.

Moitas grazas a tod@s @s participantes e noraboa aos agasallad@s.



Pau e o can

Había unha vez un coello que se chamaba Pau.

Un día atopou un ovo de Pascua pero apareceu un can e dixo que o ovo era seu.

Discutiron e ao final partiron o ovo á metade e fixéronse amigos.



***Autores: Noa Sío Sánchez,
Vera Ares Blanco e
Pablo Martínez Cabral***

1º Primaria



Equipo Mar

Onte fun ao mar
e canseime de remar.

Fixen unha suma
e toda foi par.

Aquí acaba a poesía
e xa non quero rimar.

***Autores: Asier Carballo Pérez,
Tiago Troncoso Laso,
Berti Jorge Guisande,
Naia Freiría Gómez,
Vera Pérez Freiría e
Unai Esmerode Granja***

2º Primaria

O VERÁN DA XOANIÑA

A xoaniña xoaniña
baila como a
bolboretiña.

A xoaniña
cabalga no cabalo
da avoíña.

O cabalo da avoíña
baila coa xoaniña.



**Autores: Asier Refojos Bas,
Aitana Ferreiro Fernández,
Carlota Alfonso Villar
e Miguel Vila Otero.
3º Primaria**

A MULLER E O GATO

Había unha vez unha señora e un gato que vivían ao lado do río.

Un día a señora decatouse de que ninguén reciclaba e fixo unha balsa con todo o lixo que atopou.

A señora puxo a balsa na auga, colleu o gato e empezaron a navegar.

No medio do camiño atoparon un señor que tiña unhas xoias moi bonitas e acercáronse a el. O señor dixo que lle daba unha a cambio de nada.

A señora aceptou e colleu unha xoia. Ao volver a súa casa viu que todo estaba cheo de lixo. A muller enfadouse tanto que o ceo comezou a pórse escuro.

Ela viu que a pulseira que lle dera o home empezou a relucir. De súpeto un raio caeu do ceo e estoupou a balsa. A señora e o gato afundiron no río.

Dende ese día din que a muller e o gato saen do río para vixiar que todo estea limpo.



**Autoras: Lidia Rial Rodríguez
e Alicia Quelle Besteiro.**

4º Primaria

O LIXO FAI LÍOS

Nun río xenial,
hai moitas pedras
e ao final,
unha ferverza.


A beira do río,
hai un bosque
e un tesouriño,
ten moito cobre.

A fauna é a máis,
máis abundante,
hai animais
super parlantes.

Pero o lixo
chega aos bosques,
chega aos ríos,
chega aos montes.

Os animais
están tristísimos,
e ademais
están sucísimos.

Así que xa sabes,
coida o planeta
para que as aves,
voen dereitas.



Autor: André Pérez Freiría

5º Primaria

A XOANIÑA DE PAPEL

Un día, hai moito tempo, nun colexio de Vincios, había unha mestra que creou unha xoaniña de papel, fermosa e encantadora, de cor branca con puntinhos negros.

Unha noite, cando a mestra marchou, apareceu unha fada da reciclaxe. Cando viu á xoaniña, coa súa variña máxica, deulle vida e díxolle: - Cando te vexa un humano queda quieta- e a xoaniña fíxolle caso.

Ao día seguinte, chegou a mestra e a xoaniña quedou quieta para que a mestra non sospeitara. A mestra quería moito á xoaniña. Agora a xoaniña estaba viva e puido sentir emocións: Tamén quería á mestra.

Un día, cando lla amosou aos seus alumnos, algúns rompérona un pouco e a xoaniña escapou cando os alumnos non miraban. Estivo esperando nun escondedoiro que atopou e todos empezaron a buscala pola clase pero non deron con ela.

A mestra estaba moi triste porque a fixera con moito amor e non quería perdela pero a xoaniña non quería que a volvesen romper.

Ao día seguinte, cando volveron os alumnos, comezaron a buscar para atopala e os días seguintes tamén, pero non conseguiron dar con ela.

A xoaniña estaba moi triste pola mestra e aquela noite pediulle á fada que a volvesen transformar en xoaniña de papel, sen vida, sen sentir a dor e poder estar coa mestra.

E así é o conto dunha xoaniña moi, moi e moi Valente.



Autor: Iker Alfonso Villar

6º Primaria

BIBLIOTECA CREATIVA CONVÉRTESE EN... **AULA DOS SOÑOS!**

Este curso, coa gran axuda dos axudantes de biblioteca de 5º e 6º tiveron lugar as **eleccións** xerais do CEIP Serra Vincios para cambiar o nome da aula creativa. Todo o alumnado, familias e mestras puideron deixar as súas propostas nun buzón na entrada do cole, e de aí saíron as 4 propostas de nomes: Creatincios, Superaula, Serralandia e Aula dos Soños. Finalmente, despois da xornada electoral e do recuento de votos, por unha mínima diferenza saíu o novo nome para a nosa aula... **AULA DOS SOÑOS!**



Xa cara ao final de curso disfrutamos todo o cole dun **obradoiro de xoguetes sonoros** no que conseguimos crear cantidade de instrumentos. Empregamos ferramentas reais coa axuda de Diego e dos nosos profes e, mesturando recursos naturais como canas, noces, paus, carozos... e dándolle unha segunda vida a outros materiais de refugallo, conseguimos transformalos en verdadeiros instrumentos musicais: o mirlitón, reque-reque, bate-bate ou sistro.





A NOSA BIBLIOTECA



Outro curso máis, desde a biblioteca do noso cole e da man do noso gran amigo **Librincios** vivimos unha chea de experiencias e momentos únicos para recordar. Con moitas ganas arrancamos este curso e inauguramos a biblio, coa gran tarefa de darlle unha segunda vida a obxectos que Libri nos deixou na nosa clase, e cos que xogamos despois no **Día da Paz**.



Durante todo o curso fixemos moitos **contacontos** diferentes para conmemorar días como o da muller ou o da (dis)capacidade. O día do libro este ano o celebramos con Marisa Idimia, unha fantástica contacontos e ilustradora galega que compartiu connosco "O Libro dos Póis Máxicos", que tiña agochados no seu interior príncipes moi caprichosos, raíñas e reis mortíños de soño, sapos e sapas... e ata unha moto había!



A NOSA BIBLIOTECA

Algo que nos encanta no Serra Vincios son... os **APADRIÑAMENTOS LECTORES**, e compartir momentos cos nosos padriños e madriñas ou cos nosos afillados/as.

Tamén celebramos o día da (dis)capacidade e puidemos poñernos no lugar de persoas que atopan algunha barreira no día a día por dificultades motoras, auditivas, visuais... Encantounos compartir estes momentos cos nosos amigos e amigas.



Como todos os anos, gústanos moito **espallarnos** por todo o cole e non quedarnos só na biblioteca. Nos nosos recreos, coa axuda dos axudantes estivemos creando a...

ÁRBORE DA POESÍA

Para facelo empregamos libros descatalogados e material de refugallo. e nel puidemos escribir pequenos pareados, pensamentos, inquedanzas... que compartimos con toda a comunidade educativa.






RECOMENDACIÓNS PARA O VERÁN

De parte de Librincios


INFANTIL



Banda deseñada



1º CICLO



2º CICLO



3º CICLO



Poesía

PATRULLA PLANETA

